

MULLERES NA MÚSICA

Mulleres na Antigüidade e na Idade Media



“Dá lúa fermosa
Dá lúa fermosa os astros próximos
cara atrás ocultan brillantemente a faciana
cando aquela brilla de todo chea
sobre a terra...”

Safo de Lesbos

SAFO DE LESBOS (Illa de Lesbos, século VI a.c.). Recoñecida poetisa e compositora da súa época.

AS ESCRAVAS CANTORAS DO AL-ÁNDALUS. (España islámica, séculos VIII ao XIII). As escravas eran instruídas para a composición e a execución musical, a recitación e a composición da poesía, a artesanía da caligrafía e a sombra de monicreques. *(Dwight F. Reynolds)*

AS TROBAIRITZ (Baixa Idade Media). Talentosas mulleres trobadoras que foron silenciadas pola historia. Destacou María Pérez (A Balteira), musa e inspiración de moitos trobadores da corte do rei Afonso X O Sabio.

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábado Domingo

XANEIRO

		1 1996 Donna Haraway, bióloga e filósofa feminista publica "Ciencia, Cyborgs e Mulleres".	2 2003 Pasamento de Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa.	3 1972 Falece Elisabeth Schiemann, xenetista e botánica que se opuxo ao nazismo.	4 1990 Saio por 1º ano a Axenda Feminista Galega, que edita Mulleres Nacionalistas Galegas. 1953 María de la Cruz é elixida senadora por Santiago de Chile. Fundou o Partido da Muller chilena en 1946	5 1902 Nace en Viveiro Maruxa Mallo, pintora surrealista autora de "Sorpresa do trigo".
6 1991 Cristina Fdz. Piñeiro, primeira muller árbitra de balonmán, ascende á categoría internacional.	7 1355 Inés de Castro, executada en Portugal por razón de Estado reinará despois de morta.	8 As nenas vítimas do infanticidio. En Asia "faltan" 100 millóns de nenas.	9 1999 Nace como muller Laura Bugallo, presidenta de Trans-Galiza. Primeira transexual legalmente recoñecida en Galiza.	10 1983 Publícase o 1º número de ANDAINA, revista galega de pensamento feminista.	11 1980 Pasamento de Celia Sánchez Manduley, figura mítica da revolución cubana.	12 1976 Falece Agatha Christie, escritora inglesa de novelas de suspense.
13 1916 No Iucatán, México, iníciase o I Congreso Feminista Nacional.	14 1918 Nace Rosa Lavíña, militante no exilio en Solidaridad Internacional Antifascista.	15 1919 Morre asasinada Rosa Luxemburgo, revolucionaria, fundadora do Partido Comunista Alemán.	16 1932 Nace Dian Fossey, zooloxa especializada en gorilas.	17 1911 Nace en Cambados Nieves Fariza Alonso, mestra e laborista coñecida como "A Pasionaria Branca".	18 1937 é fusilada no Castelo de San Felipe Amadeo García, murgardesa militante do PCE.	19 1966 Indira Gandhi é elixida Primeira Ministra da India.
20 1758 Nace Marie-Anne Paulze (Madame Lavoisier), "nai" da química moderna.	21 1790 A Asemblea Nacional Francesa proclama a igualdade ante a Lei excluindo as mulleres.	22 1952 Nace Amparo Cano García. Catedrática de Bioquímica. Investigación no cancro.	23 1622 María Solíño é sentenciada a morte por meiga, en Cangas do Morrazo.	24 1889 Nace Marjory Stephenson, investigadora do metabolismo bacteriano.	25 1882 Nace Virxinia Wolf, escritora inglesa e feminista. "Un cuarto de seu".	26 1903 Nace Carmen Velasco Portinho, enxeñeira, urbanista e feminista brasileira pioneira na Lotta polos dereitos da muller no seu país. Foi a 1ª muller graduada como urbanista en Brasil e a 3ª como enxeñeira civil.
27 A Tereixa Navaza, C. Sarmiento, Lola Álvarez, Montse Boix..., e máis xornalistas comprometidas.	28 1873 Nace a escritora Coletta. Parte da súa obra publicouse co nome do seu home.	29 1997 Johanna Wilson, Lotta Kronlid e Andrea Needham inutiliza compoñentes armamentísticos dunha fábrica inglesa.	30 1901 Nace Ilmena Menéndez Pidal, mestra defensora da coeducación.	31 1820 Nace Concepción Arenal, escritora galega, xornalista e experta en Dereito.		

Tempo de mulleres,
mulleres no tempo

